

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA nº 290/2022

Elaboradas as Bases para OUTORGAMENTO DE AUTORIZACION DEMANIAL PARA O PROVEITAMENTO ESPECIAL DE INMOBLE PÚBLICO MUNICIPAL CON DESTINO A EXPLOTACIÓN DE DE KIOSCO (VENDA DE BEBIDAS E/ OU XEADOS E SIMILARES) EN PARQUE ROSALÍA DE ARES seguintes:

“APROBACIÓN DE BASES REGULADORAS DO PROCEDIMENTO DE OUTORGAMENTO DE AUTORIZACION DEMANIAL PARA O APROVEITAMENTO ESPECIAL DE INMOBLE PÚBLICO MUNICIPAL CON DESTINO A EXPLOTACIÓN DE DE KIOSCO (VENDA DE BEBIDAS E/ OU XEADOS E SIMILARES) EN PARQUE ROSALÍA DE ARES

PRIMERA. OBJETO.

Autorización demanial para o aproveitamento especial de inmovible público municipal con destino a explotación de kiosco (venta de bebidas e/ ou xeados) en parque Rosalía de Ares.

SEGUNDA. DURACIÓN.

Do 30 de xuño ao 30 de setembro do 2022. Horario de apertura segundo lexislación vixente.

TERCEIRA. CANON.

Non hai.

Sustitúese éste pola contraprestación consistente no mantemento e limpeza das instalacións anexas ao habitáculo do kiosco consistentes nuns aseos públicos, para servizo do Parque Rosalía e entorno da praia de Ares.

CUARTA.- PROHIBICIÓN DE CESIÓN A TERCEIRO.

As autorizacións outorgadas serán intransmisibles. Os autorizados non poderán ceder a un terceiro os dereitos derivados da presente concesión.

QUINTA. PRAZO DE SOLICITUDE:

Cinco días naturais a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio nun xornal dos de maior tirada da comarca, de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, igualdade, mérito e non discriminación.

SEXTA.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS INTERESADOS.

Fotocopia DNI.

Documentos que acrediten as circunstancias socio económicas a valorar segundo as presentes bases.

SÉPTIMA.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Terase en conta a situación socio-económica dos/as solicitantes, segundo a ORDE do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais de Galicia publicada no DOG nº 21 do 01/02/2022.

OITAVA.- APERTURA DAS PROPOSICIÓNS. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.

Finalizado o prazo de presentación de proposicións, darase traslado da documentación presentada para informe proposta de adxudicación en atención aos criterios sinalados nas bases.

NOVENA.- OBRIGAS DO AUTORIZADO.

1. Serán obrigas do autorizado, as seguintes:


- a) Iniciar a ocupación do ben público municipal, unha vez notificada a autorización, e continuar a mesma ata a finalización da vixencia de ésta.
- b) Non ocupar maior superficie que a autorizada en virtude das presentes bases, nin exceder os límites da mesma.
- c) Manter o local e os seus arredores en axeitadas condicións de seguridade e hixiene, sendo obriga específica do autorizado a labor de limpeza tanto da zona ocupada co kiosco de venda de bebidas e xeados como do espazo anexo ao kiosco (BAÑOS PUBLICOS)
- d) Respetar os horarios establecidos na lexislación vixente para apertura e peche de locais desta categoría.
- e) Cumprir a normativa imperante en materia laboral, seguridade social, seguridade e saúde no traballo e prevención de riscos laborais. No poderá esixirse responsabilidade polos incumprimentos nestas materias ao Concello, nin sequera de forma subsidiaria.

DECIMA. OBLIGACIONES DEL AYUNTAMIENTO.

O Concello terá as seguintes obrigas:

- a) Poñer a disposición dos autorizados os espazos públicos municipais obxecto de autorización demanial para explotación de kiosco venda bebidas e / ou xeados na caseta de titularidade municipal sita no Parque Rosalía de Ares.
- b) Proporcionar os servizos de auga potable e de enerxía eléctrica ao inmovible obxecto da concesión.
- c) Asumir os gastos producidos polo consumo destes servizos.





UNDÉCIMA.- INCUMPRIMIENTO DAS OBRIGAS POLO AUTORIZADO. EFECTOS.

Cando o incumprimento por parte do autorizado suponga a non realización da actividade obxecto da autorización, dito incumprimento conlevará a extinción da concesión.

DUOCIMA. EXTINCIÓN DA AUTORIZACIÓN.

1. Son causas de extinción da autorización:

- a) A caducidade por vencimento do prazo da autorización.
- b) O mutuo acordo entre o Concello e o/a autorizado/a.
- c) O falecemento ou incapacidade sobrevida do autorizado/a ou, no seu caso de que o autorizado sexa unha persona xurídica, a extinción da mesma.
- d) A cesión, traspaso ou arrendamento da autorización.

2. A extinción da autorización se acordará polo Concello previo expediente tramitado ao efecto no que se dará audiencia ao interesado."

Esta Alcaldía en uso das competencias conferidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Regulador das Bases do Réxime Local na redacción dada pola lei 57/2003 , de 16 de decembro, o Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e o Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

VEN EN RESOLVER

Primeiro.- Aprobar as Bases anteriormente expresadas para OUTORGAMENTO DE AUTORIZACION DEMANIAL PARA O PROVEITAMENTO ESPECIAL DE INMOBLE PÚBLICO MUNICIPAL CON DESTINO A EXPLOTACIÓN DE DE KIOSCO (VENDA DE BEBIDAS E/ OU XEADOS E SIMILARES) EN PARQUE ROSALÍA DE ARES.

Segundo.- Ordear a publicación do oportuno anuncio segundo establece a convocatoria.

Así o acorda e dispón o Sr. Alcalde, Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo en Ares a vintetrés de xuño do 2022, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

**D.S.M.
O SECRETARIO**

